

Bases do decreto do galego (resumo)

➤ Na etapa de educación infantil, o profesorado usará na aula a lingua predominante entre o alumnado. A lingua predominante do alumnado determinarase preguntándolle a cada familia pola lingua materna do seu fillo ou filla durante o proceso de preinscrición.

➤ En Educación primaria garantirase a adquisición da competencia lingüística propia da etapa e do nivel nas dúas linguas oficiais da comunidade autónoma e potenciarase a adquisición dunha competencia efectiva en lingua(s) estranxeira(s), principalmente en lingua inglesa. **Con esa finalidade, establécese que un terzo das horas semanais se oferte en galego e outro terzo en castelán, e prevese que o terzo restante se poida impartir en lingua(s) estranxeira(s).**

➤ En Educación Primaria, as materias lingüísticas impartiranse na lingua de referencia. Das materias Coñecemento do medio natural, social e cultural e Matemáticas, **unha impartirase en galego e outra en castelán segundo a opinión das familias, que será vinculante.** Cada centro educativo, a través do seu Consello Escolar, decidirá a lingua en que se impartirá o resto de materias, establecendo un equilibrio nas horas semanais ofertadas en galego, en castelán e en lingua(s) estranxeira(s).

➤ En todas as materias impartidas en galego ou castelán o alumnado poderá utilizar nas manifestacións oral e escrita a lingua oficial da súa preferencia, agás nas linguas. Os libros de texto das materias impartidas en galego e en castelán estarán redactados na lingua en que se imparta a materia.

➤ Será preceptiva a realización dunha consulta ás familias para que cada centro educativo coñeza a súa opinión respecto da lingua de impartición das materias. As familias expresarán a opinión a través dun cuestionario de preguntas que cada centro educativo lles enviará durante o procedemento de matriculación ou na reserva de prazas. Este proceso farase cada catro cursos escolares.

Infraestructuras

Durante as vacacións de Nadal, o Concello de Betanzos estivo levando a cabo unha serie de melloras nos arredores do CEIP.



Pintado da estrada (zoa reservada para os buses, pasos de peóns, etc), colocación de sinais verticais, pavimentación de beirarrúas deterioradas, así como a poda das árbores do colexio foron algunhas das accións realizadas.

Aínda quedan actuacións por tomar neste sentido, tanto no exterior do colexio (sinais de limitación de velocidade, bandas rugosas, etc) como no interior do recinto, pero dende aquí a ANPA quere agradecer ao Concello o compromiso que está a mostrar na resolución dos problemas que se lle están a transmitir.

Por outra banda a Concelleira de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia anunciou na prensa que a escola da rede "galiña azul" (antigas galescolas) entrará en funcionamento no 2011.



En canto ao novo colexio de infantil, **non hai ningún avance**, no momento da redacción deste boletín.

Consellos Escolares

Isto é un resumo do tratado nos dous Consellos Escolares celebrados o pasado 26 de xaneiro:

- Aprobación da prórroga da xornada continuada
- Aprobación do balance económico do ano 2009
- Accións encamiñadas a mellorar as actividades extraescolares
- Análise sobre protocolos de actuación no caso de alerxias ou o uso de menciñas no centro.
- Negativa dos responsables de educación da Xunta a enviar mestres de apoio, en contra das demandas da Dirección Colexio, da ANPA e do Concello de Betanzos.
- Información, para análise, do escrito enviado pola Plataforma Galega pola gratuidade dos libros.

Opinión: novo decreto

por Mariña Longueira

O Consello da Xunta de Galicia ven de aprobar, o pasado 30 de decembro, as bases para a elaboración do chamado decreto de "plurilingüismo". Este documento está a crear un ambiente de confrontación no ensino e mesmo na sociedade.

Se o goberno da Xunta segue adiante con este decreto moitas serán as repercusións negativas para a lingua galega.



Non garante que o alumnado finalice as diferentes etapas educativas coas suficientes destrezas en lingua galega. A impartición das clases en galego pasará do 50% ao 30%.

Suporá enfrontamentos nos centros educativos pois serán estes os que decidan as materias a impartir en cada lingua. A Xunta fai deixadez das súas funcións e traslada o problema ao profesorado e ás familias.

Establece que se imparta un terzo das materias en inglés, realidade totalmente inviable por parte do profesorado e do alumnado.

Supón unha agresión á cultura do noso país ao deixar a súa lingua propia, o galego, nunha situación de abandono cando ten a obriga legal de promover o seu uso.

Se queremos que o galego sexa unha lingua viva, de uso e recoñecida socialmente debemos loitar por ela.

Mariña Longueira é profesora de Audición e Linguaxe no CEIP Fco. Vales Villamarín. Ademais pertence á Comisión de Coordinación Pedagóxica e ao Equipo de Normalización Lingüística do CEIP. Actualmente, tamén é unha das representantes do profesorado no Consello Escolar.

A Xunta non está a atender as reclamacións de profesorado
Estamos peor que ao principio !!

A ANPA Brigantium ven de presentar diante da Xefatura Territorial de Educación os escritos de reclamación daqueles pais cuxos fillos precisan **atención educativa específica**.

Dende que o pasado mes de setembro a Dirección do Centro notificou á Delegación a falta de persoal docente nesta materia (3 mestres de Pedagogía Terapéutica), seguimos á espera dun compromiso efectivo da Xunta de Galicia que garanta a atención educativa de **tódolos nenos/as** do noso colexio.

Dende aquela houbo peticións, rogos, reunións, compromisos, visitas de varios inspectores, visitas da xefa territorial, recortes de prensa, promesas, boletíns, etc..

Pola súa parte a ANPA deu a coñecer este problema non só aos pais/nais, senón tamén á Alcaldesa, persoalmente, e ao entorno educativo de Betanzos a través da prensa.

Sen embargo o silencio por parte da Xunta persiste a pesares das xestións realizadas por María Faraldo e Pedro Gómez diante dos responsables da Consellería de Educación da Xunta de Galicia.

Temos que dicir que descoñecemos os motivos, pero coñecemos a realidade, e esta nos di que cada vez hai mais recorte horario ao sumarse aos de 70 alumnos diagnosticados que había en setembro novos alumnos, que pouco a pouco van sendo diagnosticados polos mesmos servizos oficiais da Xunta de Galicia.

O certo é que estamos peor que ao principio

Fútbol Sala ADC Vales Villamarin



Equipo de Fútbol Sala: 7-9 anos




Equipo de Fútbol Sala: 4-6 anos

Desenvolver as habilidades motrices básicas, coñecer novos compañeiros/as e relacionarse con eles/as como medio de desinhibición persoal, valorar o esforzo e a colaboración por encima do resultado, participar en competicións como medio de disfrute persoal, sen pensar no resultado final, son parte dos obxectivos irrenunciabes desta agrupación.

Pero é que ademais, os nenos/as traballan as habilidades específicas de cada actividade con seriedade e rigor e iso permítelles mellorar, tamén, como deportistas.

E para mostra un botón, Alexandro Fraguas Fernández (1º ESO), que o ano pasado vestía a camiseta da nosa agrupación, foi convocado este mes de xaneiro para incorporarse á Selección Galega Infantil de Fútbol Sala. Parabéns a todos.

O decreto do galego no ensino



O 62% do profesorado do CEIP Fco. Vales Villamarin sumouse á folga

ANPA Brigantium

Anímate a facernos suxestións ou queixas a través do noso enderezo electrónico
e-mail: anpabrigantium@gmail.com

Visita o noso Blog:
<http://anpabrigantium.blogaliza.org/>

